

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 08 de xullo de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(652).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA), 2016. EXPTE. 120080/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/06/16 e o informe de fiscalización do 27/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, do xefe de área de Benestar Social, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“I. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4<sup>a</sup> da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na*

que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (CIF G-36776920), para a execución dun “Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa” – ano 2016.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 18.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 -Convenio AFAGA– do orzamento vixente.

**TERCEIRO.-** Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA” (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA – ANO 2016».

---

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2016

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI nº 36.073.858-Z, Presidente da “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA), CIF nº G-

36776920, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Martínez Garrido nº 21, interior, de Vigo.

#### INTERVEÑEN

*D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).*

*D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, actuando en representación de AFAGA, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

*D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

#### EXPOÑEN

*I.- Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen estas enfermidades. De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAGA son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social, etc.*

*II.- Que, dentro deses programas, conta cun “Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa” que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.*

*III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Vigo.*

*IV.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).*

*A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

*V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

*De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.*

*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2016, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.*

*VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación*

económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

*PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAGA para o desenvolvemento dun "Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa".*

*SEGUNDA.- Para estes efectos, AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar no desenvolvemento do Programa, co que se pretende traballar os aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe...), funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade...), proporcionar apoio emocional ós familiares dos asistentes ós obradoiros, procurarlles un tempo de lecer con actividades lúdicas e dotalos de coñecementos prácticos en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.*

*Para a inclusión no programa avaliarase a situación cognitiva e conductual, así como as capacidades básicas e instrumentais da vida diaria. Unha vez feita a avaliación, todas as persoas consideradas aptas para os obradoiros deberán ser incluídas no Programa.*

*TERCEIRA.- AFAGA comprométese tamén a:*

- 1) Aceptar ós beneficiarios (enfermos e familiares) que sexan derivados polo Departamento de Benestar Social do Concello, seguindo o criterio antes indicado.*
- 2) Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.*
- 3) Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.*
- 4) Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade AFAGA unha subvención para o exercicio de 2016 por importe de 18.000 € (DEZAOITO MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.10).*

*QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

- Un 50% da cantidade total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario*

conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

- O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

*SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado resposten á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.*

*SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2016, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

*-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*

*-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:*

- 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- 2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
- 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- 4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

*DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes de AFAGA e dous representantes municipais (un deles, o/a técnico/a do Departamento de Benestar Social responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.*

*DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.*

*DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*

*POLO CONCELLO DE VIGO  
O ALCALDE – PRESIDENTE,  
Asdo.: Abel R. Caballero Álvarez*

*Perante mín,  
O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
Asdo.: Manuel Xosé Lorenzo Penela*

*POLA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER  
E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA,  
Asdo.: Juan Carlos Rodríguez Bernárdez”*



**2(653).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN MENELA”, PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR 2016. EXPTE. 119607/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/06/16 e o informe de fiscalización do 23/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, do xefe de área de Benestar Social, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*I. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa “Fundación Menela” (AFAGA) sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Fundación Menela» (CIF G-36685964), para o desenvolvemento dun programa de respiro familiar dirixido a familias e cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade – ano 2016.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 8.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 -Convenio Fundación Menela– do orzamento vixente.*

*TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR – ANO 2016».

---

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2016

---

## COMPARECEN

*Dunha parte,*

*O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.*

*Doutra parte,*

*D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario da “Fundación Menela”, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.*

## INTERVEÑEN

*D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).*

*D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da “Fundación Menela”, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

*D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

## EXPOÑEN

*I.- Que a “Fundación Menela” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sofren enfermidade ou marxinação social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.*

*II.- Que, a través de convenios como o presente, a “Fundación Menela” ven prestando un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.*

*III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este servizo para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.*

*IV.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).*

*A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

*V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

*De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.*

*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervinientes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Fundación Menela" para a prestación dun servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc., consistente en estanzas de curta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio CAMI da "Fundación Menela", situado na rúa Laxe nº 3 de Vigo, onde, ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc., realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política Social, e a "Fundación Menela" comprométese a colaborar activamente na execución do Programa de "Respiro Familiar". O réxime de prestación deste Servizo será o seguinte:

a) Para o acceso ó mesmo, as persoas discapacitadas deberán estar empadroadas en Vigo, ter unha idade comprendida entre os 3 e os 50 anos e realizar a achega económica correspondente.

b) As estancias poderán ser como mínimo de 1 día e como máximo de 3, en fins de semana, agás casos excepcionais que se atenderán calquera día da semana ata un máximo de 4, previa autorización municipal.

c) Cada persoa usuaria poderá gozar como máximo de 6 estanzas ó longo da duración do convenio anual.

d) O número máximo de persoas usuarias por estanza será de 6, atendidos por dous profesionais que permitan garantir a prestación do servizo.

e) Por excepción, o Concello poderá autorizar un mínimo de 4 estanzas/día cubertas nos fins de semana que se realice o servizo de "Respiro familiar".

f) Realizaranse actividades turísticas e culturais na cidade de Vigo.

TERCEIRA.- O programa levarase a cabo durante todo o ano 2016 ata esgotar o importe total da subvención. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade "Fundación

Menela" unha subvención para o exercicio de 2016 por importe de 8.000,00€ prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.09).

CUARTA.- Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- 1) Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- 2) O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de 2016, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

QUINTA.- Este programa de "Respiro familiar" é cofinanciado pola Concellería de Política Social os beneficiarios do mesmo. O custo da estanza por usuario e día ascende a 167,92€, incluíndo: aloxamento, manutención en réxime de pensión completa en cuartos dobres ou individuais e retribución a monitores.

A achega do usuario do servizo será do 20,85% da estanza (35,00€ persoa/día) e a achega municipal do 79,15% (132,92€ persoa/día).

Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán por conta da persoa usuaria (cafetería, compras...).

SEXTA.- Para a participación no Programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días. A documentación que deberán achegar será a seguinte:

- a) Ficha de datos persoais.
- b) Ficha de coñecemento.
- c) Ficha médica – autorización.
- d) Autorización para a cesión de imaxes.

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por "renta per cápita", tendo preferencia as de menor contía, agás as que a traballadora social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais. Para estes efectos, considérase que existe unha urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 4 días.

A mes vencido, a "Fundación Menela" enviará ó Concello de Vigo unha relación das persoas usuarias na que se farán constar os datos de identificación, tipo de discapacidade, porcentaxe de minusvalía, data, hora de entrada e saída no programa e importe de cada usuario/a.

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou

*privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.*

*DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da “Fundación Menela” e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.*

*UNDÉCIMA.- A “Fundación Menela” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.*

*DUODÉCIMA.- A “Fundación Menela” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 30 de novembro de 2016 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
2. *Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
  - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
  - *Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
  - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.*

*Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.*

*Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO NOVENA.- A "Fundación Menela" queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.*

*VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*

POLO CONCELLO DE VIGO

O ALCALDE – PRESIDENTE,

Asdo.: Abel R. Caballero Álvarez

Perante mín,

O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL,

Asdo.: Manuel Xosé Lorenzo Penela

POLA FUNDACIÓN MENELA,

Asdo.: Cipriano Luís Jiménez Casas"



**3(655).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PORSOAS SORDAS DE VIGO”, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS, ANO 2016. EXPTE. 119351/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/06/16 e o informe de fiscalización do 27/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, do xefe de área de Benestar Social, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*I. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación de Personas Sordas de Vigo» sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concellería delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (CIF G-36622835 ), para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos – ano 2016.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 - Convenio programa sordos.*

*TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANO 2016».

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

*D<sup>a</sup> María José Cruz Agra, Presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.*

### **INTERVEÑEN**

*D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).*

*D<sup>a</sup> María José Cruz Agra, con DNI 36134120Q, Presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, rúa Romil nº 24, baixo.*

*D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

### **EXPOÑEN**

*I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.*

*II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.*

*III.- Que o Concello de Vigo conta, desde hai anos, cun “Gabinete Técnico de Accesibilidade” como órgano consultivo encargado de garantir no ámbito local o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.*

*IV.- Que a Concellería Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da lingua de signos.*

V.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

VI.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos

sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*VII.- Que, ademais, segundo a normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.*

*VIII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2016, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.*

*IX.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,*

## **ESTIPULACIÓNS**

*PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos.*

*SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:*

- 1) A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).*
- 2) A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade. A*

*Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.*

- 3) *A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:*

*- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de “chamada previa”; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.*

*- Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.*

*- Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.*

*- O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 48 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.*

*- O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.*

*- O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade ASV unha subvención para o exercicio de 2016 por importe de 20.000 € (VINTE MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.02 – Convenio Programa Sordos).*

*QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

- Un 50% da cantidade anual á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as*

*entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

- *O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.*

*SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2016, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

*-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*

*-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

- 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- 2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*

3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
4. *Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
  - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
  - *Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
  - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.*

*Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a*

*procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV (D. Miguel Ángel González Lloves, Presidente, e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen González Lloves, Técnica, ou as persoas que as substitúan) e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Departamento de Benestar Social responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.*

*DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.*

*DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*



POLO CONCELLO DE VIGO  
O ALCALDE – PRESIDENTE,

Asdo.: Abel R. Caballero Álvarez

Perante mín,  
O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
Asdo.: Manuel Xosé Lorenzo Penela

POLA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO,  
Asdo.: D<sup>a</sup> María José Cruz Agra"

**4(656).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS EXPEDIENTE DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL, ALUGUER MAQUINARIA E XESTIÓN DE RESIDUOS PARA OBRAS NOS COLEXIOS, PROGRAMA "VIGO EMPREGA"- EXPTE. 14569/333. EXPTE. 17478/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 01/07/16, do secretario da Mesa de Contratación:

*"Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa "Vigo emprego". (expediente 17478-332)." no seguinte orde decrecente:*

LOTE Nº 1

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	14,55

LOTE Nº 2

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
GONZALEZ PICHEL	84,55
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	29

LOTE Nº 3

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
HIROMEGAL	88,24
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	18,83

LOTE Nº 4

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100

GONZALEZ PICHEL	82,50
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	50

LOTE Nº 5

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	64

LOTE Nº 6

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	0

Segundo- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCIVENTA , S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.  
 Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.  
 A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.  
 Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: Requirir ao citado licitador o aboamento de 1000 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(657).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS EXPEDIENTE DE SERVICIO XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 17499/332**

Dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, do secretario da Mesa de Contratación:

“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. (expediente 17478-332), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:

1.- Wenceslao Cabezas del Toro 89,5 puntos.

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Wenceslao Cabezas del Toro para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro: Requirir ao citado licitador o aboamento de 689,74 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(658).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS EXPEDIENTE DE SERVIZO XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 17497/332.**

Dáse conta do informe-proposta do 30/06/16, do secretario da Mesa de Contratación:

*“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música. (expediente 17497-332), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:*

*1.- ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega 93 puntos.*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro: Requirir ao citado licitador o aboamento de 678,92 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(659).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA PRESTACIÓN SERVIZOS HOSTALERÍA NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 2403/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 01/07/16, do secretario da Mesa de Contratación:

*Deuse conta en primeiro lugar polo Secretario da Mesa que non se presentaron ofertas a este procedemento.*

*A mesa por unanimidade acorda propoñer a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:*

*Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de Hostelería no local destinado a cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras. (expediente 2403-340) por non se ter presentado licitadores.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(660).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL NA RECADACIÓN. EXPTE. 16026/541.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación:

*“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración integral na recadación e servizos de pagamento. (expediente 16026-541), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:*

*1.- ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A..*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A.. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resgardo da garantía definitiva por importe de 6.000 euros de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro: Requirir ao citado licitador o aboamento de 924,80 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”*

*Cuarto: .Aceptar a condición de entidades colaboradoras unha vez que se asine o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, ás entidades financeiras seguintes:*

*–BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.*

*–BANCO PASTOR, SAU.*

*–BANCO SANTANDER, S.A.*

*–BANCO DE SABADELL, SA”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(661).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”. EXPTE. 14972/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/06/16 e o informe de fiscalización do 04/07/16, dáse conta do informe-proposta do 23/06/16, do director técnico-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES:**

*A Concellería de Deportes, no seu ámbito de responsabilidade na dinamización e impulso do deporte na cidade de Vigo nas súas diferentes manifestacións, e como parte fundamental das súas funcións, dinamiza un programa de actuación para a promoción e desenvolvemento dos eventos deportivos que se celebran na cidade ó longo do ano.*

*Neste ámbito o Concello de Vigo, ten un programa de actuación denominado “Calendario de Eventos Deportivos”, a través do cal se contribúe á promoción dos mesmos, potenciando a participación dos e das deportistas e co favorecendo a implicación do tecido asociativo deportivo no desenvolvemento de estratexias de estímulo do deporte en xeral.*

*Dentro das actuacións propias do Concello de Vigo para a promoción da participación cidadá na diversidade das actividades ou eventos do CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS, céntrase na adquisición de trofeos e medallas destinadas a impulsar a participación nos eventos e a promoción dos mesmos.*

*Coa posta en marcha deste novo programa do “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”, a Concellería de Deportes, atópase coa necesidade de establecer unha programación anticipada das necesidades de medallas e trofeos para a diversidade dos eventos deportivos, os cales, corresponderanse cunha nova planificación estable e que terá a súa aplicación de forma reiterada ano tras ano.*

*Os datos estatísticos do desenvolvemento dos distintos eventos deportivos na Cidade de Vigo, nos levan a unha estimación próxima as 200 actividades, nas que participan máis de 50.000 deportistas, entre os que compiten no eido do deporte, nas súas diferentes facetas: federado, deporte saudable, deporte escolar, deporte popular, etc.*

*Para a execución deste contrato procede, de acordo coa orde de inicio do concelleiro-delegado de Deportes de data 11 de marzo de 2016, dar inicio ao correspondente expediente de contratación, polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considérase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición do mesmo:*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

- 1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo director deportivo- xefe da Unidade Técnico Deportiva, con data 10 marzo de 2016.*
- 2. Orde de inicio do expediente asinada polo concelleiro-delegado de Deportes, de data de 11 de marzo de 2016.*
- 3. Prego de prescrición técnicas particulares, asinado polo director deportivo- xefe da Unidade Técnico Deportiva, con data 24 maio de 2016.*
- 4. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado e asinado pola xefa do Servizo de Contratación, con data 22 de xuño de 2016.*
- 5. Informe xurídico favorable, emitido pola Asesoría Xurídica, de data 14 de xuño de 2016, e dilixencia de data 23 de xuño, de conformidade sobre o PCAP definitivo, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 22 de xuño de 2016.*

## *II.- Condicións definitorias do contrato:*

*Destacan as seguintes:*

### *1º.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato:*

*O obxecto do presente expediente contempla a contratación do subministro de trofeos e medallas para as actividades propias de la Concellería de Deportes, de acordo coas especificacións técnicas recollidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares.*

*En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, atópanse xustificadas na memoria de xustificación de necesidade, anexa a este expediente e asinada con data 10*

de marzo de 2016 e tamén no “Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP)” que forma parte deste expediente.

En relación co obxecto do contrato, é importante destacar a condición da definición de dous lotes, en relación a distinción das medallas, dos trofeos, entendendo que ambos artigos teñen a condición de seren susceptibles de utilización por separado e, en sí mesmo, cada un constituíe unha unidade función diferenciada.

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de subministro, previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

## 2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto por lotes, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de máis xustificación.

De acordo co estipulado no artigo 15 do TRLCSP, o presente contrato non está suxeito á regulación harmonizada.

## 3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establece en base os seguintes aspectos:

a.- Atendendo as peculiaridades dos artigos obxecto do subministro a través deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos unitarios referidos a cada un dos artigos vinculados o contrato e especificados no anexo I do Prego de Prescricións Técnicas particulares.

b.- Para a determinación do orzamento base de licitación, terase en conta a estimación de unidades para cada un dos artigos a subministrar en relación a previsión derivada do contido de eventos deportivos vinculados o programa municipal do “Calendario de Eventos Deportivos”, o cal ten previsto aglutinar cerca de 200 eventos deportivos anuais, polo cal a previsión mínima de trofeos e medallas establece en base os seguintes datos tanto para a referencia do número de unidades, como os prezos unitarios máximos para a licitación.

### LOTE Nº 1: MEDALLAS

Obxecto a subministrar	Previsión unidades	Prezo und. Max. (IVE incluído)	Importe max. (IVE incluído)
a.- MEDALLA CON PERSONALIZACION INDIVIDUAL (55 mm diámetro) :	15.000,00	1,70 €	25.500,00 €

b.- MEDALLA DE CALIDADE CON PERSONALIZACION INDIVIDUAL (65 mm diámetro)	1.600,00	2,70 €	4.320,00 €
c.- MEDALLA ESPECIAL FUNDICIÓN DE CALIDADE PARA PROBAS DETERMINADAS: (65 diámetro).	2.000,00	2,50 €	5.000,00 €
<b>TOTAL LOTE Nº 1 MEDALLAS</b>			<b>34.820,00 €</b>

## LOTE Nº 2: TROFEOS

<b>a.- TROFEO REPRESENTATIVO DA CIDADE DE VIGO (colección de 3 tamaños)</b>			
Obxecto a subministrar	Previsión unidades	Prezo und. Max. (IVE incluído)	Importe max. (IVE incluído)
TROFEO TAMAÑO GRANDE:	25,00	70,00 €	1.750,00 €
TROFEO TAMAÑO MEDIANO:	25,00	55,00 €	1.375,00 €
TROFEO TAMAÑO PEQUEÑO:	25,00	43,00 €	1.075,00 €
			<b>4.200,00 €</b>

<b>b.- TROFEO STANDARD (COPA) (COLECCION DE 8 TAMAÑOS)</b>			
Obxecto a subministrar	Previsión unidades	Prezo und. Max. (IVE incluído)	Importe max. (IVE incluído)
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº1. Altura total mínima 39 cm	20	30,00 €	600,00 €
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº2. Altura total mínima 36 cm	40	25,10 €	1.004,00 €
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº3. Altura total mínima 34 cm	50	20,00 €	1.000,00 €
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº4. Altura total mínima 31 cm	75	18,00 €	1.350,00 €
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº5. Altura total mínima 28 cm	225	15,00 €	3.375,00 €
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº6. Altura total mínima 26 cm	450	12,50 €	5.625,00 €
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº7. Altura total mínima 23 cm	300	11,50 €	3.450,00 €
TROFEO TIPO COPA TAMAÑO Nº8. Altura total mínima 20 cm	200	10,00 €	2.000,00 €
			<b>18.404,00 €</b>

<b>c.- TROFEO ESPECIAL TIPO "ARTESANIA GALEGA". (Colección de tres tamaños)</b>			
Obxecto a subministrar	Previsión unidades	Prezo und. Max. (IVE incluído)	Importe max. (IVE incluído)
TROFEO ESPECIAL TIPO "ARTESANIA GALEGA". (Tamaño grande 24 cm)	25	50,00 €	1.250,00 €
TROFEO ESPECIAL TIPO "ARTESANIA GALEGA". (Tamaño mediano 18 cm)	20	40,05 €	801,00 €
TROFEO ESPECIAL TIPO "ARTESANIA GALEGA". (Tamaño mediano 14 cm)	15	35,00 €	525,00 €
			<b>2.576,00 €</b>

## TOTAL LOTE Nº 2: TROFEOS

a.- TROFEO REPRESENTATIVO DA CIDADE DE VIGO (colección de 3 tamaños)	4.200,00 €
b.- TROFEO STANDARD (COPA) (COLECCION DE 8 TAMAÑOS)	18.404,00 €
c.- TROFEO ESPECIAL TIPO "ARTESANIA GALEGA". (Colección de tres tamaños)	2.576,00 €
<b>TOTAL LOTE Nº2 TROFEOS</b>	<b>25.180,00 €</b>



O licitador deberá indicar o prezo máximo ofertado para cada artigo, o cal non poderá ser maior do prezo indicado.

Polo exposto estímase necesario a definición do seguinte importe para a definición do orzamento base de licitación, que possibiliten a concorrencia de licitadores o tempo que posibilite un marco de coherencia para a presentación de ofertas.

–LOTE Nº 1: MEDALLAS: Atendendo os custes derivados deste apartado, estímase como orzamento base para a licitación deste contrato, o seguinte importe máximo como valor anual:

Importe anual: 28.776,86 € sen IVE, o cal lle corresponde como IVE (21%) un importe de 6.043,14 € o cal totaliza un importe de 34.820,00 € con IVE (21%).

–LOTE Nº 2: TROFEOS: Atendendo os custes derivados deste apartado, estímase como orzamento base para a licitación deste contrato, o seguinte importe máximo como valor anual:

Importe anual: 20.809,92 € sen IVE, o cal lle corresponde como IVE (21%) un importe de 4.370,08 € o cal totaliza un importe de 25.180,00 € con IVE (21%).

–Orzamento base de licitación:

Importe da totalidade do contrato para os dous anos estímase en 99.173,55 € sen IVE, e un importe correspondente o ive (21%) de 20.826,45 € o cal totaliza un importe de 120.000,00 € con IVE (21%)

O valor estimado do contrato estipulase en 198.347,10 €.

#### 4.- Financiamento do contrato:

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Importe da totalidade do contrato para os dous anos estímase en 99.173,55 € sen IVE, e un importe correspondente o ive (21%) de 20.826,45 € o cal totaliza un importe de 120.000,00 € con IVE (21%)

Para o seu financiamento, aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, incluídos nas aplicacións orzamentarias, coa seguinte distribución plurianual:

3410 2260902	ADQUISICIÓN DE TROFEOS			60.000,00 €
	<u>Total 2016</u>	<u>Total 2017</u>	<u>Total 2018</u>	<u>TOTAL</u>
Lote nº 1	12.000,00 €	34.820,00 €	22.820,00 €	69.640,00 €
Lote nº2	8.500,00 €	25.180,00 €	16.680,00 €	50.360,00 €
	20.500,00 €	60.000,00 €	39.500,00 €	120.000,00 €

O gasto proposto, establécese tamén en atención ao principio de sustentabilidade financeira, en cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo

de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2016 no programa orzamentario "3420". Polo tanto, esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto, non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

#### 5.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que o prazo do contrato, propónse para un período de dous anos, con unha opción de prórroga, enténdese que non debe contemplarse ningunha revisión para o prezo do contrato.

#### 6.- Prazo de execución e prórroga:

Atendendo as peculiaridades propias deste subministro e tendo en conta as posibilidades das variacións que se poden experimentar no tempo sobre a demanda de novos tipos de trofeos ou medallas, estímase oportuno que o prazo do contrato se estipule en dous anos, cunha opción de prórrogas do mesmo, por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas.

No caso de que o adxudicatario pretenda renunciar á prórroga, deberá notificarlo ao Concello de Vigo, con seis meses de antelación como mínimo, á data do seu vencemento.

En caso de non facelo en dito prazo, o Concello de Vigo poderá acordar a prórroga en calquera momento antes do seu vencemento.

#### 7.- Clasificación dos licitadores:

En canto á clasificación do contratista, debemos atender o disposto no artigo 65.1 do TRLCSP, apartado c). Polo tanto, tendo en conta que o obxecto do presente contrato céntrase no subministro de trofeos e medallas, non require a esixencia dunha clasificación previa.

#### 8.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

En canto á solvencia económica, financeira e técnica, debemos atender o disposto nos artigos 75 e 78 do TRLCSP, polo cal dita solvencia deberá ser esixida en relación os seguintes aspectos:

##### \* Solvencia económica e financeira:

- I. Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato

##### \* Solvencia técnica e profesional:

- II. Unha relación dos principais subministracións similares ó obxecto do contrato realizadas nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ó prezo do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita subministros por

*importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.*

#### *9.- Modificación do contrato:*

*Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:*

*1.- Aspectos a modificar: O tipo de trofeos e medallas a subministrar, sempre que dito incremento non supoña un aumento no prezo máximo do contrato.*

*2.- Circunstancias que determinan a modificación: O incremento da demanda dos eventos deportivos na cidade de Vigo, polo cal sexa necesario incorporar algún tipo de trofeo que inicialmente non estivera previsto, sempre que a mesma non leve implícito un incremento do prezo máximo do contrato ou cuantitativamente non supoña unha modificación superior o 30 %, en relación o número de unidades previstas inicialmente en cada un dos lotes.*

*3.- Limites da modificación: Esta modificación terá unicamente unha aplicación directa na anualidade do contrato na cal sexa solicitada, e polo tanto para o calculo máximo do 30 % se poderán acumular varias modificacións sempre que o total das mesmas non exceda do 30 % en relación o número de unidades máximas previstas inicialmente en cada un dos lotes. O motivo estará condicionada cando as necesidades de novas unidades de trofeos e medallas durante a execución do mesmo excedan, por causa xustificada, das previstas para cada anualidade deste contrato.*

*4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.*

*A variación cuantitativa do número de unidades previstas para cada un dos elementos que constitúen o obxecto deste contrato, e sempre que no seu conxunto non supere o 30 % do número de unidades previstas inicialmente en cada un dos lotes, e non leve implícito un incremento do prezo máximo do contrato, non terá a consideración de modificación do contrato.*

#### *10º.- Criterios de valoración e xustificación:*

*En relación os aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considerase oportuno estipular unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar entre as ofertas presentadas, o proxecto de organización para o procesos dos pedidos, capacidade de almacenamento, deseño, procesos de entrega, de personalización dos trofeos e medallas, e variabilidade de modelos, polo cal, se propón unha aplicación dun 15 % dos puntos o establecemento de criterios avaliábles por xuízo de valor.*

*Polo exposto, establece a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación:*

*a.- En relación aos criterios avaliábles por xuízo de valor, se propón unha aplicación dun 15 % da puntuación total.*

b.- En relación os criterios avaliábles a través de fórmula, se propón unha aplicación dun 85% da puntuación total.

#### 10.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

Os criterios avaliábles mediante xuízo de valor, terán unha puntuación máxima de 15 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

A.- PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DOS PROCESOS DE PEDIDOS PRODUCCIÓN E ENTREGA DOS ARTIGOS OBXECTO DO CONTRATO:, o cal valorarase ata un máximo de 15.00 puntos, que serán valorados en función dos seguintes apartados:

a.1.- Proposta de artigos a subministrar e organización técnica e loxística para a realización dos pedidos. O licitador deberá presentar na súa oferta unha proposta na cal defina o proceso previsto para a organización dos pedidos, o cal deberá contemplar no seu caso a súa capacidade loxística sobre a flexibilidade de horarios, capacidade de elección da diversidade de modelos en relación as disciplinas deportivas, proceso de seguimento do pedido dende a recepción, produción, e aviso de envío. Así mesmo identificará a súa proposta para o seguimento estatístico sobre os pedidos, identificando os artigos solicitados. Dentro deste apartado, deberá indicar a súa proposta inicial sobre a características técnicas de cada un dos artigos vinculados o obxecto do contrato en relación o lote ou os lotes o cal se presenta. A puntuación máxima deste apartado será ata un máximo de 10,00 puntos.

a.2.- Proposta de organización da entrega dos artigos obxecto do contrato: O licitador deberá presentar na súa oferta os procesos propostos para a organización da entrega dos artigos, a cal deberá identificar a súa proposta organizativa para garantir os prazos máximos previstos para a entrega, os modelos de fichas ou albaranes, os procesos de control e seguimento de entrega. Así mesmo, identificará a súa proposta para o seguimento estatístico sobre os pedidos, identificando os artigos entregados. A puntuación máxima deste apartado será ata un máximo de 5,00 puntos.

#### 10.2.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVES DE FÓRMULA:

Os criterios avaliábles mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 85 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

- a) O prezo ofertado sobre os prezos unitarios de cada un dos artigos dos lotes.
- b) A redución dos prazos máximos de entrega.

A.- O prezo ofertado sobre os prezos unitarios de cada un dos artigos dos lotes: o prezo ofertado polos licitadores para cada un dos dous lotes, valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase multiplicando o prezo unitario ofertado polo licitador a valorar, polo número de unidades previstas para cada artigo, posteriormente se procederá a sumar todos os valores obtidos e co resultado desta suma se procederá a calcular a baixa ofertada, restando ao prezo máximo de licitación anual -para cada lote- o valor obtido anteriormente. O dito valor da baixa será expresado en porcentaxe sobre o orzamento base de licitación para cada lote do contrato.

B.- A redución dos prazos máximos de entrega: para a redución dos prazos máximos de entrega será tido en conta o prazo de redución ofertado polo licitador (expresado en

días enteros), valorarase ata un máximo de QUINCE (15) puntos. Esta puntuación será de aplicación para cada lote.

**11.- Subcontratación:**

Considérase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

**12.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas:**

Non se determina ningún criterio.

**III.- Proposta:**

Previamente, á realización da proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a contratación a través de procedemento aberto por lotes e tramitación ordinaria, do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da practica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de Eventos Deportivos”.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares, asinado polo director deportivo- xefe da Unidade Técnico Deportiva, con data 24 maio de 2016.

**Terceiro:** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 22 de xuño de 2016.

**Terceiro:** Autorizar o gasto por un importe máximo de 120.000,00 € (cento vinte mil euros), sendo o importe correspondente ao IVE o de 20.826,45 € (vinte mil oitocentos vinte seis euros con cuarenta e cinco céntimos), con cargo a partida 3410.226.09.02 “ADQUISICIÓN DE TROFEOS”, e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

	Total 2016	Total 2017	Total 2018	TOTAL CONTRATO
Lote nº 1	12.000,00 €	34.820,00 €	22.820,00 €	69.640,00 €
Lote nº2	8.500,00 €	25.180,00 €	16.680,00 €	50.360,00 €
	20.500,00 €	60.000,00 €	39.500,00 €	120.000,00 €

**Cuarto:** Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(662).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA “AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO” PARA A DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DEPORTIVO “VIGO EN XOGO” 2015-2016. EXPTE. 15178/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/06/16 e o informe de fiscalización do 28/06/16, dáse conta do informe-proposta do 17/06/16, do director deportivo-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor da Agrupación Deportiva Vigo ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do programa deportivo “Vigo en Xogo 2015/2016”.*

*A Agrupación Deportiva Vigo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto exclusivo o fomento e a práctica de actividades físico-deportivas, non limitadas a un só ámbito, modalidade ou disciplina.*

*Entre as actuacións enmarcadas nos fins da Agrupación, atopamos o desenvolvemento de actividades físico-deportivas relacionadas co deporte para todos e do tempo libre, o fomento, promoción e divulgación do deporte en xeral, recoñecendo que é un medio ao servizo do pleno desenvolvemento da persoa.*

*Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade organiza na cidade de Vigo unha competición deportiva na que participan ao redor de 3.000 deportistas. Esta competición desenvólvese ó longo de 8 meses, tendo unha enorme tradición e repercusión mediática e social a nivel local, e constituíndo o evento destinado ó deporte afeccionado de maior relevancia e tradición na cidade de Vigo, e un dos eventos deste tipo máis destacados no ámbito da comunidade galega.*

*A Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade que desenvolve un proxecto de deporte afeccionado da envergadura, repercusión mediática e social, e cun nivel de participación como é o Vigo en Xogo, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme volume de participación, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.*

*A importancia desta competición radica ademais no impulso que supón para o deporte afeccionado, dando un entorno de competición coordinado e seguro para miles de deportistas afeccionados da cidade de Vigo.*

*Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 9.500,00 euros ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo “Vigo en Xogo 2015/2016”.*

*Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o noso potencial deportivo como valor engadido ó desenvolvemento de propostas deportivas de interese xeral para a cidade de Vigo, como o proxecto “Vigo en Xogo”, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Agrupación Deportiva Vigo, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 9.500,00€ ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do dito proxecto deportivo “Vigo en Xogo 2015/2016”.*

*As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Agrupación Deportiva Vigo, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.*

*Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.*
- Colaborar con proxectos que poñan en valor o deporte-saúde na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de*

*regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do “Vigo en Xogo 2015/2016”.*

*A Agrupación Deportiva Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15178/333.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Agrupación Deportiva Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.*

*A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

*Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece*



*mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.*

*O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto “Vigo en Xogo 2015/2016”, debido o interés que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.*

*Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*A Agrupación Deportiva Vigo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto Vigo en Xogo.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Agrupación Deportiva Vigo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.*

*O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.*

*A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:*

- 1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- 2. Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi*

*declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

- 3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- 4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- 5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*
- 6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
  - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
  - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
  - En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

*Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar o texto da resolución proposta a favor da Agrupación Deportiva Vigo, co CIF: G-36651123, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo "Vigo en Xogo 2015/2016", de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:*

*a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo "Vigo en Xogo 2015/2016".*

*b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei*

*38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

*c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.*

*d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*e) Que a Agrupación Deportiva Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15178/333.*

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da dita aprobación.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
  - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os

xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

*SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 9.500,00 € a favor da Agrupación Deportiva Vigo, co CIF: G-36651123, con enderezo social na Avda. Balaidos, 24, Bajo, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo Vigo en Xogo 2015/2016 .”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(661).- SOLICITUDE DE RGM EVENTOS PARA A ORGANIZACIÓN DA “XIRA KARTING 2016”. EXPTE. 15142/333.**

Dáse conta do informe-proposta 05/07/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes:

**1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade RGM EVENTOS, con CIF (G-36554293), solicitou o día 27-05-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160068802), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: 10º XIRA KARTING 2016*
- *Data: 14 a 17 de xullo de 2016*
- *Horario: 10.00h a 21.30h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que se instalará na Praza do Rei dende o xoves 14 ato o 17 de xullo de 2016, cun horario comprendido entre as 10.00h ata as 21.30: A montaxe iniciárase o martes 12 e a desmontaxe o próximo 18 de xullo.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local*
- *Protección civil.*
- *Seguridade e Mobilidade*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.*

**3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar a entidade RGM EVENTOS, con CIF (G-36554293), a organizar o evento deportivo denominado 10º XIRA KARTING 2016. A celebración da actividade se levará a cabo na Praza do Rei, cun horario comprendido entre as 10.00h e as 21.30h.”*

**Acordo:**

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.*

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/06/16 e o informe de fiscalización do 05/07/16, dáse conta do informe-proposta do 05/07/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*"I.- Antecedentes.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de maio de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o proxecto de obras "HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL FASE I", de data marzo de 2016, presentado por Ingenia Proyectos Técnicos S.L., redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez. Con data 24 de maio a Xunta de Goberno Local aproba a rectificación no orzamento base de licitación, IVE incluído, resultando se de CATROCENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECIENTOS SESENTA E SETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (467.967,90 €)*

*Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 6 de xuño de 2016, dar inicio do correspondente expediente de contratación.*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 24/05/2016, correspondese co expediente administrativo 3.206/443.*
- b) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal Jerónimo Centrón Castaños con data 7 de xuño de 2016.*
- c) Prego de prescricións técnicas particulares atópase, no proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez.*
- d) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 22 de xuño de 2016.*
- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 22 de xuño de 2016.*

f) II.- Condicións definitorias do contrato.

Destacan as seguintes:

1.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no proxecto HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL FASE I,

O proxecto considera as seguintes actuacións:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no o proxecto de obras "HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL. FASE I", de data marzo de 2016, presentado por Ingenia Proyectos Técnicos S.L., e redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez consisten de forma xeral na humanización da rúa Doutor Corbal, no tramo comprendido entre a Avenida Sanjurjo Badía e Camiño Maceiras: Nesta actuación se renovarán as beirarrúas, se instalará unha nova rede de abastecemento, se disporá unha rede separativa de saneamento, renovándose todas as acometidas e sumidoiros. Así mesmo, se instalará unha nova rede de alumeado, e se disporá a canalización necesaria para permitir o soterramento das redes aéreas de telecomunicacións e a rede eléctrica. Así mesmo se proxecta a instalación de rego automático para dar servizo tanto a las especies arbóreas como ás plantacións das xardineiras. Se instalará mobiliario urbano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS MESES.

Estas obras teñen a condición dunha actuación de inversión, xa que as mesmas teñen como fin a humanización da rúa Doutor Corbal, no tramo comprendido entre a Avenida Sanjurjo Badía e Camiño Maceiras o cal supón sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, será de obras, segundo o previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto aprobado co expediente 2.652/443.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

## 2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de máis xustificación.

## 3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base ao proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, no cal se determina o orzamento base de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de CATROCENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECENTOS SESENTA E SETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (467.967,90 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 81.217,57 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en CATROCENTOS SESENTA E CATRO MIL CEN EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS (464.100,40 €)

### 3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida:1532.619.00.53 humanización Doctor Corbal, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo co cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

### Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Vías e Obras da Área de Fomento en relación á competencia municipal para o mantemento dos espazos públicos, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das obras da HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL FASE I, asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, e o Xefe do Servizo Administrativo de de Control Orzamentario D. Oscar Couce Senra de data 3 de xuño de 2016.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

#### 4.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato,

##### 4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Os criterios avaliados mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 20 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

##### 4.1.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: se valorará con ata 15 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 5 puntos
- II. Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 5 puntos
- III. Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra o cal deberá contemplar: se valorará con ata 5 puntos

##### 4.1.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: se valorará con ata 3 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2 puntos
- II. Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 1 puntos

##### 4.1.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: se valorará con ata 2 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Memoria descriptiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 1 puntos
- II. Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 1 puntos

A puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes regras:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grado de detalle os requisitos indicados con análise específico e coa representación gráfica adecuada.

2.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos requisitos gráficos esixidos en cada apartado.

3.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos requisitos esixidos no mesmo con escaso desenvolvemento, ou, no caso de que a súa xustificación non se adecúe ao obxecto do apartado a avaliar.

Os descontos previstos neste punto e no anterior serán acumulativos, tendo como límite o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.

4.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define o presente expediente.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo.

#### 4.2.- CRITERIOS AVALIADOS A TRAVÉS DE FÓRMULA:

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

4.4.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

4.4.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establececese en 12 meses.

#### 4.3.- Os criterios avaliados mediante fórmula se valorarán da seguinte forma:

5.3.1.- Redución do prezo do contrato: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).



O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

Para valorar as baixas en relación a oferta económica, serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 67 + 3 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Pe = 62 + 5 * \left( \frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$

$$Pe = 62 * \left( \frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

Pe= Puntuación da oferta a valorar

Bi= Baixa da oferta a valorar, entendido coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación dacordo co artigo 151 do TRLCSP, expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

#### 4.2.3.- Incremento do prazo de garantía: valorarase con ata 10 puntos

A ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto (12 meses), deberá expresarse en meses e se valorará aplicando as seguintes fórmulas:

- Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8*Ge < Gi \leq Ge$

$$Pg = 8,5 + 1,5 * \left( \frac{Gi - (0,8 * Ge)}{0,2 * Ge} \right)$$

- Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Ge < Gi \leq 0,8*Ge$

$$Pg = 7 + 1,5 * \left( \frac{Gi - (0,55 * Ge)}{0,25 * Ge} \right)$$

- Para garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 \cdot Ge \leq Gi \leq 0,55 \cdot Ge$

$$Pg = 7 \cdot \left( \frac{Gi}{0,55 \cdot Ge} \right)$$

Sendo:

Pg = Puntuación da oferta a valorar entre 0 e 10 puntos

Gi = Incremento de garantía ofertado (en meses enteiros) da oferta a valorar

Ge = A oferta do incremento de garantía de maior número de meses.

#### 5.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

#### 6.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

#### 7.- Esixencia de Clasificación:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar as seguintes clasificacións como acreditación da solvencia técnica e financeira.

- Grupo "G" Subgrupo "6", Categoría "2",
- Grupo "E", Subgrupo "1", Categoría "1",

#### 8.- Subcontratación:

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

#### 9.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 6 meses.

- α) O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:
- β) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- γ) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.

Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

#### 10.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

O medios persoais establecidos para este contrato son como mínimo os seguintes:

<i>PERSOAL</i>	<i>HORAS</i>
<i>Xefe de obra</i>	<i>750</i>
<i>Xefe de produción</i>	<i>450</i>
<i>Topógrafo</i>	<i>375</i>
<i>Delineante</i>	<i>375</i>
<i>Administrativo</i>	<i>375</i>
<i>Encargado</i>	<i>146</i>
<i>Oficial de primeira</i>	<i>1122</i>
<i>Oficial de segunda</i>	<i>590</i>
<i>Peón ordinario</i>	<i>1358</i>
<i>TOTAL</i>	<i>5541</i>

11.- Modificación do contrato:

*Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:*

*11.1.- Aspectos a modificar: As unidades de obra de pavimentación, abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, telecomunicacións, alumeado, semaforización, sinalización, mobiliario , xardinería e rego.*

*11.2.- Circunstancias que determinan a modificación: Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas...etc distintas das recollidas no proxecto. Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

*11.3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato, salvo para as modificacións das características de unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.*

*11.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.*

12.- Responsable do Contrato:

*O Responsable do contrato será o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento. Asímesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa para o seguimento da obra .*

13- Seguro:

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

14.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun balor ( $B_i$ ) que cumpra as seguintes condicións:

A.- Exceda en ( $K \cdot \delta'$ ) ó valor da "baixa de referencia" ( $B_r$ ), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade:  $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$  si  $n \geq 5$

Sendo:

$B_i$  = será igual o valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o prezo de licitación (en euros, sen IVE) sobre o orzamento base de licitación (en euros IVE excluído), para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$B_r$  = valor mínimo entre ( $B_m$  ou  $B'm$ )

$B_m$  = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores ( $B_i$ ) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$  = media aritmética das ( $B_i$ ) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

$\delta$  = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

$\delta'$  = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumbran a anterior condición sinalada para o cálculo de  $B'm$

$n$  = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, e para o cálculo da  $\delta'$ ,  $n$  será igual o número de ofertas que cumbran coa condición sinalada para o cálculo de  $B'm$

$K$  = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') \leq 10\%$

SI  $\sigma' \leq 0,5$ ;  $K=5,0$

SI  $\sigma' > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=2,5$

SI  $\sigma' > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=1,5$

SI  $\sigma' > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=1,3$

SI  $\sigma' > 2$  y  $\leq 3$   $K=1,0$

SI  $\sigma' > 3$   $K=0,6$

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 10\%$  y  $\leq 18\%$

SI  $\sigma' \leq 0,5$ ;  $K=3,5$

SI  $\sigma' > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=1,8$

SI  $\sigma' > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=1,3$

SI  $\sigma' > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=1,0$

SI  $\sigma' > 2$  y  $\leq 3$   $K=0,7$

SI  $\sigma' > 3$   $K=0,5$

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 18\%$

SI  $\sigma' \leq 0,5$ ;  $K=3,0$

SI  $\sigma' > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=1,5$

SI  $\sigma' > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=1,1$

SI  $\sigma' > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=0,8$

SI  $\sigma' > 2$  y  $\leq 3$   $K=0,5$

SI  $\sigma' > 3$   $K=0,4$

B.- Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da “baixa de referencia” (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas;

Br = media aritmética das (Bi) ofertadas. Bi calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade:  $B_i > B_r + 2.5$  si  $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

### 15.- Garantía complementaria:

1.- Cando a garantía ofertada polo adxudicatario sexa superior a media das garantías ofertadas polos licitadores admitidos, se deberá constituír como garantía complementaria o importe que corresponda de acordo co seguinte criterio en relación o incremento ofertado sobre o prazo de garantía ofertado:

Importe garantía complementaria igual o valor da operación (Gof-Gm) /12, dito valor indicará o porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.

$$\frac{(Gof-Gm)}{12} = \% \text{ de incremento da garantía complementaria}$$

Onde:

Gm= Media das garantías das ofertas admitidas na licitación (garantía mínima do prego + media do incremento proposto polos licitadores admitidos) en meses enteiros.

Gof= Garantía ofertada (Garantía mínima do prego + incremento proposto polo licitador) en meses enteiros.

Este valor indicará a porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.

2.- Así mesmo tamén será motivo de constitución da garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada, correspóndase cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.

De acordo co artigo 95.2 do TRLC o importe máximo da garantía complementaria, para calquera do casos contemplados neste apartado, non poderá superar o 5% do importe de adxudicación do contrato.

### **III.- PROPOSTA:**

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL FASE I.

*Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 22 de xuño de 2016.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de CATROCENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECIENTOS SESENTA E SETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (467.967,90 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 81.217,57 €. De acordo co proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez.*

*O valor estimado do contrato estipúlase en CATROCENTOS SESENTA E CATRO MIL CEN EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS (464.100,40 €)*

*Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.53 "Humanización da Rúa Doctor Corbal", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.*

*Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(667).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE I". EXPTE. 3893/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/06/16 e o informe de fiscalización do 04/07/16, dáse conta do informe-proposta do 27/06/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*"I.- Antecedentes.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de maio de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o proxecto de obras da "HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE II". EXPTE. 3211/443.", de data abril de 2016, presentado por Tecnigal, S.L., e redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Pablo López Fernández e polo Enxeñeiro Industrial don José Manuel Fouces Díaz, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de CIENTO CORENTA E CINCO MIL SETECENTOS CATORCE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (145.714,29 EUROS).*

*Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 31 de maio de 2016, dar inicio do correspondente expediente de contratación.*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL, correspondese co expediente administrativo 3.211/443.
- b) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal Jerónimo Centrón Castañón con data 30 de maio de 2016.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares atópase, no proxecto redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMINOS, CANAIS E PORTOS, Pablo López Fernández e o ENXEÑEIRO INDUSTRIAL José Manuel fouces Díaz.
- d) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 16 de xuño de 2016.
- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 22 de xuño de 2016.

## II.- Condicións definitorias do contrato.

Destacan as seguintes:

### 1.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS, FASE II,

O proxecto considera as seguintes actuacións:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no mesmo que consisten na humanización da Rúa Ferreiros, dende o Nº 32 intersección coa Rúa Ramón Antonio Álvarez, ata o Nº 52, intersección coa Avda. Atlántida.

Lévase a cabo unha renovación completa da pavimentación actual, cunha redistribución dos espazos. Os acabados empregados son en calzada circulación de vehículos con pavimento de formigón, con bandas transversais de granito Rosa Porriño e banda lonxitudinal central de granito Rosa Porriño dimensións e beirarruas con pavimento de losetas de granito Gris Alba con franxas transversais Rosa Porriño.

Ademais realizarase:

- Renovación completa do sistema de abastecemento, que comprende a substitución da rede actual por outra nova de fundición dúctil Ø 100 mm e todos os elementos complementarios da mesma.
- Renovación do sistema de saneamento, coa incorporación dun novo colector para as augas de pluviais mediante conducto de PVC Ø 400 mm, sumidoiros e pozos de rexistro correspondentes, mantendo a rede actual unicamente para saneamento. Con elo obtemos unha rede separativa en dito tramo.
- Renovación da instalación de alumeadado público, con incorporación de novas luminarias e substitución do tendido aéreo por canalización soterrada.
- Mellora de mobiliario urbano, con incorporación de papeleiras e suministro de nova sinalización vertical da calzada.



O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES MESES.

Estas obras teñen a condición dunha actuación de inversión, xa que as mesmas teñen como fin a humanización da Rúa Ferreiros, dende o Nº 32 intersección coa Rúa Ramón Antonio Álvarez, ata o Nº 52, intersección coa avda. Atlántida o cal supón sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, será de obras, segundo o previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto aprobado co expediente 2.652/443.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

## 2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria , polo que non precisa de máis xustificación.

## 3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base ao proxecto redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Pablo López Fernández e o Enxeñeiro Industrial Jose Manuel Fouces Díaz, no cal se determina o orzamento base de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de CIENTO CORENTA E CINCO MIL SETECENTOS CATORCE EUROS CON VINTE NOVE CÉNTIMOS (145.714,29 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 25.289,26 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en CIENTO CORENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS DEZ EUROS CON TRES CÉNTIMOS (144.510,03 €)

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe total do expediente de contratación deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida:1532.619.00.00 humanización da rúa Ferreiros, fase 2., a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

#### Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Vías e Obras da Área de Fomento en relación á competencia municipal para o mantemento dos espazos públicos, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das obras da HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE II, asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, e o Xefe do Servizo Administrativo de de Control Orzamentario D. Oscar Couce Senra de data 30 de maio de 2016.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

#### 4.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato,

##### **4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:**

Os criterios avaliados mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 20 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

##### **4.1.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA:** se valorará con ata 15 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 5 puntos
- II. Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 5 puntos
- III. Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra o cal deberá contemplar: se valorará con ata 5 puntos

4.1.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: se valorará con ata 3 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2 puntos
- II. Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 1 puntos

4.1.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: se valorará con ata 2 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 1 puntos
- II. Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 1 puntos

A puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes regras:

- 1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grado de detalle os requisitos indicados con análise específico e coa representación gráfica adecuada.
- 2.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos requisitos gráficos esixidos en cada apartado.
- 3.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos requisitos esixidos no mesmo con escaso desenvolvemento, ou, no caso de que a súa xustificación non se adecúe ao obxecto do apartado a avaliar. Os descontos previstos neste punto e no anterior serán acumulativos, tendo como límite o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.
- 4.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define o presente expediente.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo.

#### 4.2.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

4.4.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA (60) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

4.4.2.- Melloras ofertadas: Os licitadores poderán ofertar de entre as melloras incluídas no PCAP, aquelas que consideren oportunas na súa oferta. Das melloras incluídas no PCAP, deberán identificar as ofertadas de maneira completa (non se poderá ofertar algunha das melloras minorando as unidades de referencia das súas medición). Para a valoración das ofertas realizadas procederase a suma das melloras ofertadas. O Valor da suma das melloras ofertadas polos licitadores valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos

4.4.3.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establece en 12 meses.

#### 4.3.- Os criterios avaliados mediante fórmula se valorarán da seguinte forma:

4.3.1.- Redución do prezo do contrato: valorarase con ata 60 puntos

O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

Para valorar as baixas en relación a oferta económica, serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 57 + 3 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Pe = 52 + 5 * \left( \frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,55Be$

$$Pe = 52 * \left( \frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

0.55  
0.56

Sendo:

$P_e$  = Puntuación da oferta a valorar

$B_i$  = Baixa da oferta a valorar, entendido coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

$B_e$  = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación dacordo co artigo 151 do TRLCSP, expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

4.3.2.- Para a valoración das melloras ofertadas: As melloras ofertadas polos licitadores valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos aplicándose esta puntuación en relación co importe total das melloras ofertadas.

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

a) Para melloras ( $M_i$ ) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8*Me < M_i \leq Me$

$$P_m = 8,5 + 1,5 * \left( \frac{M_i - (0,8 * Me)}{0,2 * Me} \right)$$

b) Para melloras ( $B_i$ ) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Me < M_i \leq 0,8*Me$

$$P_m = 7 + 1,5 * \left( \frac{M_i - (0,55 * Me)}{0,25 * Me} \right)$$

c) Para melloras ( $M_i$ ) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0*Me \leq M_i \leq 0,55Me$

$$P_m = 7 * \left( \frac{M_i}{0,55 * Me} \right)$$

Sendo:

$P_m$  = Puntuación sobre a oferta das melloras: entre 0,00 puntos e 10,00 puntos.

$M_i$  = Oferta das melloras para a que se quere determinar a puntuación calculada. Dito importe será o correspondente a sumatorio do total das melloras ofertadas (IVE excluído).

$Me$  = A oferta do sumatorio das melloras ofertadas con mais importe económico (IVE excluído).

4.3.3.- Incremento do prazo de garantía: valorarase con ata 10 puntos

A ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto (12 meses), deberá expresarse en meses e se valorará aplicando as seguintes fórmulas:

- Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8*Ge < Gi \leq Ge$

$$Pg = 8,5 + 1.5 * \left( \frac{Gi - (0,8 * Ge)}{0,2 * Ge} \right)$$

- Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Ge < Gi \leq 0,8*Ge$

$$Pg = 7 + 1.5 * \left( \frac{Gi - (0,55 * Ge)}{0,25 * Ge} \right)$$

- Para garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0*Ge \leq Gi \leq 0,55*Ge$

$$Pg = 7 * \left( \frac{Gi}{0,55 * Ge} \right)$$

Sendo:

Pg = Puntuación da oferta a valorar entre 0 e 10 puntos

Gi = Incremento de garantía ofertado (en meses enteiros) da oferta a valorar

Ge = A oferta do incremento de garantía de maior número de meses.

#### 5- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

#### 6.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

#### 7.- Esixencia de Clasificación:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar as seguintes clasificacións como acreditación da solvencia técnica e financeira.

- Grupo "G" Subgrupo "6", Categoría "1",
- Grupo "E", Subgrupo "1", Categoría "1",

#### 8.- Subcontratación:

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

#### 9.- Prazo de execución e prorroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 3 meses.

O gasto proposto, establece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Vías e Obras da Área de Fomento en relación á competencia municipal para o mantemento dos espazos públicos, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das obras da HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO, FASE II, asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, e o Xefe do Servizo Administrativo de de Control Orzamentario D. Oscar Couce Senra de data 7 de xuño de 2016.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

4.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato,

#### 4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Os criterios avaliados mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 20 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

##### 4.1.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: se valorará con ata 15 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 5 puntos
- II. Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 5 puntos
- III. Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra o cal deberá contemplar: se valorará con ata 5 puntos

##### 4.1.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: se valorará con ata 3 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2 puntos
- II. Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 1 puntos

##### 4.1.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: se valorará con ata 2 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 1 puntos
- II. Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 1 puntos

A puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes regras:

- 1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grado de detalle os requisitos indicados con análise específico e coa representación gráfica adecuada.
- 2.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos requisitos gráficos esixidos en cada apartado.

3.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos requisitos esixidos no mesmo con escaso desenvolvemento, ou, no caso de que a súa xustificación non se adecúe ao obxecto do apartado a avaliar.

Os descontos previstos neste punto e no anterior serán acumulativos, tendo como límite o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.

4.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define o presente expediente.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo.

#### 4.2.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

4.4.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

4.4.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establececese en 12 meses.

#### 4.3.- Os criterios avaliados mediante fórmula se valorarán da seguinte forma:

5.3.1.- Redución do prezo do contrato: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

Para valorar as baixas en relación a oferta económica, serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 67 + 3 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Pe = 62 + 5 * \left( \frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 \cdot Be \leq Bi \leq 0,55Be$

$$Pe = 62 \cdot \left( \frac{Bi}{0,55 \cdot Be} \right)$$

Sendo:

Pe= Puntuación da oferta a valorar

Bi= Baixa da oferta a valorar, entendido coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación dacordo co artigo 151 do TRLCSP, expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

#### 4.2.3.- Incremento do prazo de garantía: valorarase con ata 10 puntos

A ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto (12 meses), deberá expresarse en meses e se valorará aplicando as seguintes fórmulas:

- Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8 \cdot Ge < Gi \leq Ge$

$$Pg = 8,5 + 1,5 \cdot \left( \frac{Gi - (0,8 \cdot Ge)}{0,2 \cdot Ge} \right)$$

- Para as garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55 \cdot Ge < Gi \leq 0,8 \cdot Ge$

$$Pg = 7 + 1,5 \cdot \left( \frac{Gi - (0,55 \cdot Ge)}{0,25 \cdot Ge} \right)$$

- Para garantías (Gi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 \cdot Ge \leq Gi \leq 0,55 \cdot Ge$

$$Pg = 7 \cdot \left( \frac{Gi}{0,55 \cdot Ge} \right)$$

Sendo:

Pg = Puntuación da oferta a valorar entre 0 e 10 puntos

Gi = Incremento de garantía ofertado (en meses enteiros) da oferta a valorar

Ge = A oferta do incremento de garantía de maior número de meses.

#### 5- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

#### 6.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das

obras.

7.- Esixencia de Clasificación:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar as seguintes clasificacións como acreditación da solvencia técnica e financeira.

- Grupo "G" Subgrupo "6", Categoría "3",

8.- Subcontratación:

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

9.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 4 meses.

O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

δ) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.

ε) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.

φ) Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

10.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

O medios persoais establecidos para este contrato son como mínimo os seguintes:

PERSOAL	HORAS
Xefe de obra	480
Xefe de produción	450
Topógrafo	450
Delineante	480
Administrativo	225
Encargado	111
Oficial de primeira	1524

Oficial de segunda	891
Peón ordinario	1772
TOTAL	6383

11.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

11.1.- Aspectos a modificar: As unidades de obra de pavimentación, abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, telecomunicacións, alumado, semaforización, sinalización, mobiliario , xardinería e parapetos túneis.

11.2.- Circunstancias que determinan a modificación: Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto. Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

11.3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato, salvo para as modificacións das características de unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

11.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

12.- Responsable do Contrato:

O Responsable do contrato será o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento. Asímesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa para o seguimento da obra .

13- Seguro:

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

14.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun balor (Bi) que cumpra as seguintes condicións:

A.- Exceda en ( $K \cdot \delta'$ ) ó valor da "baixa de referencia" ( $Br$ ), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade:  $Bi > Br + (K \cdot \delta')$  si  $n \geq 5$

Sendo:

$Bi$  = será igual o valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o prezo de licitación (en euros, sen IVE) sobre o orzamento base de licitación (en euros IVE excluído), para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$Br$  = valor mínimo entre ( $Bm$  ou  $B'm$ )

$Bm$  = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores ( $Bi$ ) calculados das ofertas admitidas.

$$Bm = \frac{\sum_{i=1}^n Bi}{n}$$

$B'm$  = media aritmética das ( $Bi$ ) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(Bm - \delta) \leq Bi \leq (Bm + \delta)$$

$\delta$  = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (Bi - Bm)^2}{n}}$$

$\delta'$  = desviación típica das ( $Bi$ ) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de  $B'm$

$n$  = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, e para o calculo da  $\delta'$ ,  $n$  será igual o numero de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o calculo de  $B'm$

$K$  = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

$$\text{Para } \text{Min} (Bm, Bm') \leq 10\%$$

SI $\sigma' \leq 0,5$ ;	K=5,0
SI $\sigma' > 0,5$ y $\leq 1$ ;	K=2,5
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$ ;	K=1,5
SI $\sigma' > 1,5$ y $\leq 2$ ;	K=1,3
SI $\sigma' > 2$ y $\leq 3$	K=1,0
SI $\sigma' > 3$	K=0,6

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 10\%$  y  $\leq 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$ ;	K=3,5
SI $\sigma' > 0,5$ y $\leq 1$ ;	K=1,8
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$ ;	K=1,3
SI $\sigma' > 1,5$ y $\leq 2$ ;	K=1,0
SI $\sigma' > 2$ y $\leq 3$	K=0,7
SI $\sigma' > 3$	K=0,5

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$ ;	K=3,0
SI $\sigma' > 0,5$ y $\leq 1$ ;	K=1,5
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$ ;	K=1,1
SI $\sigma' > 1,5$ y $\leq 2$ ;	K=0,8
SI $\sigma' > 2$ y $\leq 3$	K=0,5
SI $\sigma' > 3$	K=0,4

B.- Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da “baixa de referencia” (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas;

Br = media aritmética das (Bi) ofertadas. Bi calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade:  $B_i > Br + 2.5$  si  $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

#### 15.- Garantía complementaria:

1.- Cando a garantía ofertada polo adxudicatario sexa superior a media das garantías ofertadas polos licitadores admitidos, se deberá constituír como garantía complementaria o importe que corresponda de acordo co seguinte criterio en relación o incremento ofertado sobre o prazo de garantía ofertado:

Importe garantía complementaria igual o valor da operación (Gof-Gm) /12, dito valor indicará o porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.



$$\frac{(Gof-Gm)}{12} = \% \text{ de incremento da garantía complementaria}$$

Onde:

*Gm= Media das garantías das ofertas admitidas na licitación (garantía mínima do prego + media do incremento proposto polos licitadores admitidos) en meses enteiros.*

*Gof= Garantía ofertada (Garantía mínima do prego + incremento proposto polo licitador) en meses enteiros.*

*Este valor indicará a porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.*

*2.- Así mesmo tamén será motivo de constitución da garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada, correspóndase cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.*

*De acordo co artigo 95.2 do TRLC o importe máximo da garantía complementaria, para calquera do casos contemplados neste apartado, non poderá superar o 5% do importe de adxudicación do contrato.*

### III.- PROPOSTA:

*Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.*

*Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:*

*Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE II.*

*Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 16 de xuño de 2016.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de CATROCENTOS OITENTA E OITO MIL VINTECINCO EUROS CON VINTE UN CÉNTIMOS 488.025,21 EUROS, sendo o importe correspondente ao IVE de 84.698,59 €. De acordo co proxecto, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Alberto Moreno Pike.*

O valor estimado do contrato estipúlase en CATROCENTOS OITENTA E TRES MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (483.991,94 €)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.08 "Humanización da Rúa Gregorio Espino. Fase II", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Cuarto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(670).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR. XUÑO 2016. EXPTE. 7234/224**

Dáse conta do informe-proposta do 04/07/16, da xefa do servizo, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade:

*"Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xuño do ano 2016.*

<b>Expte.</b>	<b>Tipo</b>	<b>Asunto</b>	<b>Adxudicatari a/o</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Data Decreto</b>	<b>Importe</b>
7191-224	CMSE	<i>Dinamización CDRF meses xullo, setembro, outubro, novembro e decembro</i>	<i>Xoma Iniciativas Sociais</i>	23112279906	06/06/16	10.890,00 €
7192-224	CMSU	<i>Adquisición de suministros para diversos departamentos da Concellería de Igualdade</i>	<i>Xénerico</i>	23112219900	06/06/16	5.000,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**21(671).- SEGREGACIÓN E POSTERIOR CESIÓN DE FINCA A FAVOR DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL PARA CENTRO DE SAÚDE EN SÁRDOMA. EXPTE. 2199/244.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/06/16, do xefe de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de Patrimonio:

*“Normativa de aplicación.*

- *Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).*
- *Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).*
- *Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*

*Antecedentes:*

*Primeiro.- O Pleno Municipal, na súa sesión do 12 de abril de 1984, acordou iniciar o expediente de cesión, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, de diversas parcelas municipais para a construción polo Instituto Nacional da Saúde duns centros de saúde, entre outras, na parcela denominada “Cantera de Belín” .*

*O 26 de setembro de 1984 acordouse a cesión gratuita á Tesorería Territorial da Seguridade Social (finalmente a favor da Tesorería Xeral da Seguridade Social, segun acordo de rectificación do 31/5/1985), dunha parcela de 2.047 m2 na finca propiedade do Concello nomeada “Canteira de Belin” en Sardoma-Laxe, para a construción dun centro de Saude.*

*A cesión acordada non consta formalizada en escritura pública.*

*Segundo.- A Tesorería Xeral da Seguridade Social manifestou a necesidade de proceder á regularización da situación xurídica de dita parcela, co fin de inscribir rexistralmente a favor do patrimonio da Seguridade Social a finca cedida no seu día e que deu orixen ao Centro de Saude de Sárdoma.*

*Terceiro.- Polo Topógrafo municipal emítese informe o 10/06/2016 en relación a parcela de cesión a favor da TXSS, sinalando o seguinte:*

**ANTECEDENTES**

*Coa data do 26/09/1984 o Pleno do Concello acordara, no Apartado Primeiro do punto 28 da Orde do Día sobre “EXPEDIENTE DE CESIÓN DE TERREOS Á TESOURERÍA TERRITORIAL DA SEGURIDADE SOCIAL PARA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NA FINCA “CANTEIRA DE BELIN”, “A cesión gratuita á Tesoureria Territorial da Seguridade Social dunha parcela de 2047m2 na finca nomeada “Canteira de Belín” en Sárdoma – Laxe para adicala á construción dun Centro de Saúde”*

*Coa fin de proceder á inscrición rexistral da parcela na que se ubica o edificio do Centro de Saude de Sárdoma, foi necesario efectuar a segregación (2) dos terreos pertencentes na*

súa orixe á matriz, finca rexistral nº 59677 (1), quedando como finca resultante o resto da finca matriz (3)

## DESCRICIÓN DAS FINCAS

### (1) Finca Matriz, parcela rexistral nº 59677

No Rexistro da Propiedade Nº 1 atópase inscrita no libro 604, tomo 1212, folio 131, finca 59677, inscrición 1ª a finca coas características que se describen:

Rústica, denominada CANTERA DE BELIN, sita en Sárdoma-Laxe, terreno inculcto de forma poligonal irregular

Propietario:	Ayuntamiento de Vigo
Situación:	“Canteira de Belin” - Sárdoma – Laxe; hoxe sita na Bxda. Laxe nº 76
Referencia catastral:	3540306NG2734S0001XO e 3540307NG2734S0001IO
Superficie:	2.850,00 m2

#### Lindeiros:

N – Masa rocosa que separa de bienes de José Conde Quintela y con camino de Laxe a Costa – Castrelos; hoxe Baixada Laxe

S – Delfina Barciela y otros; hoxe Concello de Vigo, propiedade nº 182 do Inventario municipal

L – Camino de Laxe a Costa - Castrelos; hoxe Baixada Laxe

O – Talud rocoso que la separa de bienes de Manuel Blanco y otros; hoxe con talude rocoso que separa das propiedades de Begoña Rodríguez González no Camiño Laxe nº 9 e de Guillermo Iglesias Salgado no Camiño Laxe nº 15

### (2) Segregación do terreo de 2047,00 m2 destinado á construción do Centro de Saúde “Sárdoma”

O terreo a segregar sitúase na parte Sur da finca matriz nº 59677 e cuxa descrición é a seguinte:

Propietario:	Ayuntamiento de Vigo
Situación:	“Canteira de Belin” - Sárdoma – Laxe; hoxe Baixada Laxe nº 76
Calificación Urbanística:	S. U., Ordenanza 4.5 Equipamento - Outras Institucións
Referencia Catastral:	3540307NG2734S0001IO
Superficie:	2047,00 m2

#### Lindeiros:

N – Masa rocosa que separa de bienes de José Conde Quintela y resto finca matriz del Ayuntamiento de Vigo; hoxe masa rocosa que separa da propiedade de Maria José Conde Dorna e irmáns e outros e resto da finca matriz do Concello de Vigo, propiedade nº 182 do Inventario municipal

S – Delfina Barciela y otros; hoxe Concello de Vigo, propiedade nº 182 do Inventario municipal

L – Camino de Laxe a Costa - Castrelos; hoxe Baixada Laxe

O – Talud rocoso que la separa de bienes de Manuel Blanco y otros; hoxe con talude rocoso que separa das propiedades de Begoña Rodríguez González no Camiño Laxe nº 9 e de Guillermo Iglesias Salgado no Camiño Laxe nº 15

As coordenadas que definen os seus vértices en coordenadas UTM (Datum ETRS89) son:

	X	Y
V - 1	523423,70	4673915,68
V - 2	523444,91	4673845,57
V - 3	523425,53	4673835,74
V - 4	523400,65	4673872,01
V - 5	523392,35	4673890,89

O Concello de Vigo, por acordo do referido Pleno do 26/09/1984 cede á Tesorería General de la Seguridad Social a parcela (2) de 2047,00m2

(3) Resto da finca matriz, parcela rexistral nº 59677, tras a segregación da parcela (2)

O resto da finca matriz, tras a segregación do terreo a ceder para a construción dun centro de saude, conta coas seguintes características:

Propietario: Concello de Vigo  
 Situación: Baixada Laxe - Sárdoma  
 Referencial Catastral: 3540306NG2734S0001XO  
 Superficie: 803,00 m2

Lindeiros:

N e L – Camino de Laxe a Costa – Castrelos; hoxe Baixada Laxe

S – Parcela segregada para centro de saude; hoxe Centro de Saude Sárdoma-Laxe en Baixada Laxe nº 76

O – Maria José Conde Dorna e irmáns e outros na Baixada Laxe nº 72 e de Carlos Conde Quintela na Baixada Laxe nº 70

Achéganse planos e documentación.

Cuarto.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo do Pleno ó 4 de maio de 1993, figura reseñada dita parcela de alta no seu Epígrafe VIII, Revertibles co nº 252, como parcela de 2047 m2, Centro Saude Sardoma, sita na rua Baixada a Laxe nº 76, por título de cesión á Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro.- No presente caso, atópase pendente de formalización en escritura pública a cesión acordada polo Pleno Municipal o 26 de setembro de 1984, á Tesorería Territorial da Seguridade Social, da parcela de 2.047 m2 para o seu destino a Centro de Saude de Sardoma, plantexándose pola Tesorería a necesidade de regularizar a súa situación xurídica.

O Concello figura como titular rexistral da finca nº 59677, inscrita no Rexistro da Propiedade Nº 1 de Vigo, libro 604, tomo 1212, folio 131, inscrición 1ª, denominada cantera de Belin e dunha superficie de 2.850 m2. Co fin de acadar dita regularización, o topógrafo municipal, no seu informe do 10/6/2016, efectua unha segregación na devandita finca, da superficie de cesión acordada, para o seu destino a centro de saude.

Segundo.- A Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, seguindo o xa disposto no TRLRL ou na LALG, establece o deber de todas as Administracións de inscribir nos correspondentes Rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptíbeis de inscrición, como os actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso ao rexistro.(art. 36.1 LPAP).

Por outra banda dispoñe que a inscrición no rexistro da propiedade practicarase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. A LPAP preve que as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas e demais sinaladas no art. 206 da LH practicarase mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifique, ou mediante a certificación prevista en dito artigo, sempre que non afecte a terceiros. (art. 37.1 e 2 LPAP).

Terceiro.- A teor do exposto, procede levar a cabo a operación de segregación referida anteriormente, consonte co informe técnico emitido, como trámite previo a formalización en escritura pública da cesión acordada á Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- SEGREGAR da finca rexistral nº 59677, dacordo co informe do topógrafo municipal de 10/06/2016, a seguinte finca dunha superficie de 2.047 m2 destinado ao Centro de Saúde de Sárdoma:

O terreo a segregar sitúase na parte Sur da finca matriz e cuxa descrición é a seguinte:

Situación: “Canteira de Belin” - Sárdoma – Laxe; hoxe Baixada Laxe nº 76

Calificación Urbanística: S. U., Ordenanza 4.5 Equipamento - Outras Institucións

Referencia Catastral: 3540307NG2734S0001IO

Superficie: 2047,00 m2

Lindeiros:

N – Masa rocosa que separa de bienes de José Conde Quintela y resto finca matriz del Ayuntamiento de Vigo; hoxe masa rocosa que separa da propiedade de Maria José Conde Dorna e irmáns e outros e resto da finca matriz do Concello de Vigo, propiedade nº 182 do Inventario municipal

S – Delfina Barciela y otros; hoxe Concello de Vigo, propiedade nº 182 do Inventario municipal

L – Camino de Laxe a Costa - Castrelos; hoxe Baixada Laxe

O – Talud rocoso que la separa de bienes de Manuel Blanco y otros; hoxe con talude rocoso que separa das propiedades de Begoña Rodríguez González no Camiño Laxe nº 9 e de Guillermo Iglesias Salgado no Camiño Laxe nº 15

As coordenadas que definen os seus vértices en coordenadas UTM (Datum ETRS89) son:

	X	Y
V - 1	523423,70	4673915,68
V - 2	523444,91	4673845,57
V - 3	523425,53	4673835,74
V - 4	523400,65	4673872,01
V - 5	523392,35	4673890,89

*SEGUNDO.- Trala segregación acordada, a finca matriz resultante (parcela rexistral nº 59677) descríbese, do seguinte xeito:*

*Propietario: Concello de Vigo  
Situación: Baixada Laxe - Sárdoma  
Referencial Catastral: 3540306NG2734S0001XO  
Superficie: 803,00 m2*

*Lindeiros:*

*N e L – Camino de Laxe a Costa – Castrelos; hoxe Baixada Laxe*

*S – Parcela segregada para centro de saúde; hoxe Centro de Saude Sárdoma-Laxe en Baixada Laxe nº 76*

*O – María José Conde Dorna e irmáns e outros na Baixada Laxe nº 72 e de Carlos Conde Quintela na Baixada Laxe nº 70*

*TERCEIRO.- Ratificar o acordo do Pleno municipal de data 26.09.1984 de cesión, a favor da Tesorería Xeral da Seguridade Social, da parcela de 2.047 m2 descrita no apartado primeiro, para Centro de Saúde.*

*CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Tesorería Xeral da Seguridade Social interesando a formalización en escritura pública do acordo de cesión, e ó Rexistro da Propiedade.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(672).- RECLAMACIÓNS AXUDAS ESTUDOS 2015-2016 (FAS). EXPTE. 28301/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/06/16, dáse conta do informe-proposta do 22/06/16, da xefa da área de RR HH e Formación, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*Con data 11/04/2016, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas estudos (FAS) 2015-2016", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.*

*Contra ditas axudas presentáronse reclamacións por D. Enrique Alonso Rodríguez, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Bragado Rodríguez, D. José Luis Fernández Gallego, D. Francisco J. Fernández Osorio, D. Manuel González Campelos, D. Miguel González Ucheles, D. Manuel López Rodríguez, D<sup>a</sup> Araceli Moreira Pereira, D<sup>a</sup> Sandra Sousa Fernández, D. Luis A. Riobó Veiga e D. Juan José Vázquez Araujo; asímesmo presenta reclamación D. Ramón Rivera Alén de que non se lle outorgou o pago das axudas, que foron resoltas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 9 de xuño de 2016, remitíndo a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo ao respecto.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.*

*II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

*III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.*

*IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.*

*V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

*1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.*

*2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

*3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

*4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

*5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

*6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

*7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

*8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*



VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as reclamacións presentadas á concesión de axudas estudos (Fas) 2015-2019, propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 09/06/2016 por un importe total de 1.415,00 € (mil catrocentos quince euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	Euros
ALONSO RODRIGUEZ, ENRIQUE	36085619	79370	190
BRAGADO RODRIGUEZ, M <sup>a</sup> JESUS	36050954	77253	300
FERNÁNDEZ GALLEGO, JOSE LUIS	34909660	23024	145
FERNANDEZ OSORIO, FRANCISCO J.	36117409	23969	100
GONZALEZ CAMPELOS, MANUEL	35997315	23656	250
GONZALEZ UCLES, MIGUEL	36116053	76516	95
LOPEZ RODRIGUEZ, MANUEL	36123646	76514	100
MOREIRA PEREIRA, ARACELI	36101805	23120	160
SOUSA FERNÁNDEZ, SANDRA	76813932	80046	75
SUMA TOTAL			1415

Segundo.- Denegar a concesión de axudas socio-sanitarias aos seguintes traballadores, polos motivos que se especifican para cada un deles:

D. Luis A. Riobó Veiga, a Comisión se ratifica no acordo tomado en xuntanza 11-03-16 de denegar a axuda por ser curso.

D. Juan José Vázquez Araujo, a Comisión se ratifica no acordo tomado en xuntanza 11-03-2016 de denegar a axuda por non pertencer ao cadro de persoal (contrato 6 meses) segundo punto 1.- da convocatoria.

Terceiro.- Estimar a reclamación presentada por D. Ramón Rivera Alén, dado que efectuadas as oportunas comprobacións trátase dun erro e en consecuencia pola Tesourería Municipal se proceda a efectuar a D. Luis Rivera Alén (nº persoal 60232) o reintegro da cantidade indebidamente percibida por axuda estudos 2015-2016 e se ingrese a D. Ramón Rivera Alén (nº de persoal 16840), por figurar incorrectamente no listado remitido de concesión de Axudas.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao

*da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(673).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.